

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA -

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

ALEGACIÓNS AO “PROXECTO DE LEI PARA A IGUALDADE EFECTIVA DE MULLERES E HOMES DE GALICIA”, DO SINDICATO DE EMPREGADOS PÚBLICOS DE GALICIA (SEPGA)

1. Introducción

Se ben ao SEPGA déuselle traslado do dito proxecto, a efectos de que puidera presentar alegacións en relación ao “*TÍTULO VI*”, que ten por obxecto “*As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega*”, así como entendemos a outros temas conexos, indicar que:

- 1.1. Desafortunadamente, non dispoñemos nin do tempo nin dos recursos persoais e técnicos para realizar unha revisión en profundidade, tanto dende o punto de vista formal, como material que un proxecto deste tipo requiriría.
- 1.2. A pesares diso, entendemos que non se pode prescindir de facer unha análise, aínda que sexa moi básica dalgún dos aspectos que, considérase, deben terse en conta a hora de elaborar unha norma, en xeral, e sobre todo unha norma que ten uns obxectivos excesivamente amplos. Norma á que, curiosamente, pódelle achacar tanto a súa amplitude, como seguramente a falla de aspectos que se deberían ter en conta.

2. Excesiva amplitude do obxecto da norma e dos aspectos que regula.

A súa concepción como “*Código autonómico de igualdade de xénero*” non parece axeitada e tampouco a idea que se desprende do indicado xa na súa parte expositiva, na que dise:

“(14) A lei atribúese o carácter de norma mínima, como código autonómico de igualdade de xénero. Por iso, non pode ser interpretada como recorte de normas xa aprobadas ou como freo de melloras froito de novas normas.”.

É curioso que se trate dunha norma “*de mínimos*” e que en cambio teña:

a) Un **índice de máis de nove páxinas**.

b) **Unha parte expositiva de máis de 17 páxinas**.

c) 8 Títulos, algún deles con **13 CAPÍTULOS**, como é o caso do Título II. Aínda que na parte expositiva se diga que son 12:

“(28) O título II, sobre “integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do Sector Público autonómico de Galicia”, que consta de 12 capítulos”.

3. Posible conflito con outras normas de ámbito estatal, mesmo normas con rango de “Lei orgánica”.

A modo indicativo, cómpre citar:

- Lei Orgánica 1/2023, do 28 de febreiro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de Saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

- Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

Ao mesmo tempo, amplíase o marco normativo e dificultase en moitos casos a comprensión da norma polas persoas destinatarias desta e por quen terá que aplicala dentro e fora da administración da Xunta.

4. Falta de xustificación da adecuación do proxecto normativo aos principios de boa regulación.

4.1. Principios de boa regulación

A Lei 39/2015, do 1 de outubro do 2015, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no título VI, titulado: “*Da iniciativa legislativa e da potestade para ditar regulamentos e outras disposicións*”, fai referencia aos “*Principios de boa regulación*” no artigo 129, no que establécese que:

“1. No exercicio da iniciativa legislativa e a potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo con os principios de

necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. Na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo trátase, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, ***quedarán suficientemente xustificada a súa adecuación aos devanditos principios.***

2. En virtude dos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución.

3. En virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá conter a regulación imprescindible para atender a necesidade para cubrir coa norma, tras constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios.

4. A fin de garantir o principio de ***seguridade xurídica***, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas.

Cando en materia de procedemento administrativo a iniciativa normativa estableza trámites adicionais ou distintos aos contemplados nesta Lei, estes deberán ser xustificados atendendo á singularidade da materia ou aos fins perseguidos pola proposta.

As habilitacións para o desenvolvemento regulamentario dunha lei serán conferidas, con carácter xeral, ao Goberno ou Consello de Goberno respectivo. A atribución directa aos titulares dos departamentos ministeriais ou das consellerías do Goberno, ou a outros órganos dependentes ou subordinados deles, terá carácter excepcional e deberá xustificarse na lei habilitante.

As leis poderán habilitar directamente a Autoridades Independentes ou outros organismos que teñan atribuída esta potestade para aprobar normas en desenvolvemento ou aplicación das mesmas, cando a natureza da materia así o esixa.

5. ***En aplicación do principio de transparencia, as Administracións Públicas*** posibilitarán o acceso sinxelo, universal e actualizado á normativa en vigor e os documentos propios do seu proceso de elaboración, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; ***definirán claramente os obxectivos das iniciativas normativas e a súa xustificación no preámbulo ou exposición de motivos;*** e

posibilitarán que os potenciais destinatarios teñan unha participación activa na elaboración das normas.

6. En aplicación do principio de eficiencia, a iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos.

7. Cando a iniciativa normativa afecte os gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros, deberanse cuantificar e valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”.

4.2. Ausencia de xustificación do proxecto aos principios de boa regulación

Na exposición de motivos do proxecto nin sequera se fai referencia aos devanditos principios. Deste xeito, non se pode dicir que quede adecuadamente xustificada a adecuación no proxecto a tales principios.

A simple lectura do proxecto resulta difícil e complexa, mesmo para persoas que estean acostumadas a traballar na elaboración ou na aplicación de textos normativos.

A modo indicativo, a parte expositiva do proxecto (exposición de motivos), non facilita a comprensión da súa parte dispositiva (texto articulado). Por momentos, tense a impresión de que se trata de “*corta e pegas*” sen un mínimo de cohesión.

Deste xeito, a excesiva extensión da parte expositiva e do texto articulado xunto cos numerosos aspectos que a norma pretende cubrir e departamentos da Administración aos que fai referencia, sen dúbida dificultarán a súa aplicación e seguemento.

Isto vese agravado polo emprego dunha técnica normativa inadecuada, tanto dende o punto de vista formal como material ou de fondo, dando como resultado o que se podería denominar como “*Caixón de Sastre da Igualdade*”

5. Escaso, e nalgúns casos, nulo seguimento de directrices de técnica normativa

5.1. Directrices de técnica normativa

No ámbito da Xunta de Galicia, cabe facer referencia á “*Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.*”, en adiante “*Resolución do 5 de novembro de 2014*”.

Se ben a dita resolución debe ser obxecto de revisión e debe ser interpretada ou adaptada, entre outros, á citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, no que lle resulta de aplicación, continúa a ser unha boa ferramenta para a elaboración de disposicións normativas que se axusten aos principios de boa regulación.

Como xa se dixo anteriormente con carácter xeral, non se dispón do tempo nin dos recursos humanos necesarios para facer unha revisión da súa aplicación.

Neste sentido, confiamos en que se suspenda a tramitación do proxecto e se elabore un proxecto novo, con menos pretensións e mellor regulación. Ben e certo que dada o tempo “preelectoral” no que nos atopamos, non sexa a opción elixida.

A falta da anterior opción só nos resta encomendarnos a que a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa, aínda que nos tememos que esta xa informou o texto, a Asesoría Xurídica Xeral, pola vía de informe, ou o Consello Consultivo da Xunta de Galicia, por vía do seu ditame, melloren sensiblemente o proxecto.

5.2. Aplicación das directrices no proxecto. Algúns exemplos

1. Necesidade de incluír un artigo específico dedicado a “Definicións”.

Na Resolución do 5 de novembro de 2014, respecto ás “Definicións” e ao lugar de inclusión destas no texto dunha norma dise:

“e) Parte dispositiva: disposicións xerais.

19. Natureza. *As disposicións xerais son aquelas que fixan o obxecto e o ámbito de aplicación da norma. Enténdese por obxecto a materia sobre a cal versa a norma mentres que o termo «ámbito de aplicación» designa as categorías de situacións de feito ou de dereito e as persoas a que se aplica a disposición.*

Tamén é contido propio das disposicións xerais dunha norma recoller as definicións necesarias para unha mellor comprensión dalgúns dos termos empregados nela e, se for o caso, os principios xerais da regulación que establece.

20. Lugar de inclusión.

As disposicións xerais deberán figurar nos primeiros artigos da norma e son directamente aplicables xa que se inclúen na parte dispositiva.

...

21. Ordenación interna.

A parte dispositiva ordenarase internamente, segundo proceda, adoptando a seguinte estrutura:

Disposicións xerais.

a) *Obxecto.*

b) *Ámbito de aplicación.*

c) **Definicións.**

d) *Principios.*

...

IV. Criterios lingüísticos xerais.

92. Linguaxe clara e precisa, de nivel culto, pero accesible.

...

*Utilizarase un repertorio léxico común, nunca vulgar, e recorrerase, cando proceda, ao emprego de termos técnicos dotados de significado propio. Nese caso, engadiranse descrições que os aclaren. Para isto, **tanto no caso de emprego de termos técnicos como, en xeral, cando exista risco de confusión na interpretación semántica dun termo, é conveniente acudir á técnica das definicións, inserindo ao comezo da norma a definición que aclare o sentido con que o termo en cuestión é utilizado nela e empregándoo en todo o documento con igual sentido.***

A alternativa de establecer un catálogo de definicións non poderá substituírse polo emprego de locucións aclaratorias entre parénteses.”.

Incumprimento do proxecto das ditas directrices

A continuación recóllense unha serie de referencias do texto do proxecto que evidencian que as directrices indicadas non ser respectaron, o que, entre outros, supón unha evidente perda de claridade e seguridade xurídica da norma.

No texto do proxecto, tanto na parte expositiva como no texto articulado, faise referencia, indistintamente, a termos como “definición”, “concepto” e ás veces a ámbolos dous ao mesmo tempo ou a algunha forma verbal derivada do primeiro. Así, a modo indicativo, ver:

ÍNDICE:

- Artigo 20. **Concepto de xénero.**
- Artigo 21. **Evolución dos conceptos.**
- Artigo 34. **Definición** do uso non sexista da linguaxe.

PARTE EXPOSITIVA

- (16) No título I desenvólvese o primeiro dos obxectos específicos da lei: definir os conceptos básicos do dereito á igualdade de mulleres e homes. Estes conceptos recóllense...

o feito de que os conceptos xa estean recollidos noutros textos de maior rango normativo non é xustificación para non recollelos nesta lei.

...

Esta lei non só recolle os conceptos que xa aparecían no Decreto Legislativo 2/2015 senón que tamén os actualiza e completa.

- (17) Así, defínense a discriminación directa e indirecta, a boa fe ocupacional, con inspiración na Directiva 2006/54/CE e engádese, asemade, unha definición da boa fe comercial inspirada na Directiva 2004/113/CE.

- (18) Respecto ás definicións de acoso por razón de sexo e de acoso sexual, están tamén inspiradas na Directiva 2006/54/CE e no artigo 7 da Lei Orgánica 3/2007.

- (20) Na liña de actualizar conceptos, considéranse...

- (23) Igualmente se inclúen, como novidades, os conceptos de discriminación múltiple e interseccional.

- (26) Unha novidade salientable neste título I é que, ao fío da definición de medidas de igualdade de oportunidades, recóllese un concepto de xénero que é un concepto necesario para a interpretación e aplicación de toda a lei, e que se toma do artigo 3 c) do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica, feito en Estambul o 11 de maio de 2011.

- (27) Finaliza o título I cun artigo que contén unha cláusula de apertura en relación coas normas constitucionais e a súa interpretación, e coa normativa comunitaria, europea e internacional na materia, coa finalidade de que as definicións non queden ancladas e se vexan superadas pola evolución dos conceptos relativos á tutela sobre igualdade dos sexos.

- (45) ...introducindo o concepto de benestar laboral vinculado ao benestar organizacional.

PARTE DISPOSITIVA

- Artigo 1. Obxecto

2. Son obxectos específicos desta lei:

a) Definir os conceptos básicos do dereito á igualdade de mulleres e homes...

- Artigo 20. **Concepto de xénero**

Aos efectos desta lei, entenderase por xénero

- Artigo 21. **Evolución dos conceptos**

As definicións contidas neste título deberán interpretarse evolutivamente nos termos establecidos...

- Artigo 34. **Definición do uso non sexista da linguaxe**

- Artigo 162. Participación das mulleres en organizacións agrarias e marítimo-pesqueiras e criterios preferentes para as axudas

3. ...priorizaranse as solicitudes cuxa titularidade sexa:

...

c) dunha persoa xurídica na que a porcentaxe ou as participacións sociais en mans de mulleres sexan, como mínimo, do 50%, caso de ser dúas as persoas asociadas ou, como mínimo, equilibrada, segundo a definición do artigo 16, nos demais casos.

Xa no colmo da esaxeración inclúese un artigo 21 denominado: **"Evolución dos conceptos"**, no que di se:

*"As definicións contidas neste título deberán **interpretarse evolutivamente** nos termos establecidos, ou que se podan establecer, na Constitución Española e na xurisprudencia emanada do Tribunal Constitucional, no Dereito da Unión Europea, no Convenio Europeo de Dereitos Humanos, na Convención para a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de Nacións Unidas, e no resto de tratados internacionais ratificados polo Estado español."*

A súa vez, segundo se di na parte expositiva do proxecto:

*"(27) Finaliza o título I cun artigo que contén unha **cláusula de apertura** en relación coas normas constitucionais e a súa interpretación, e coa normativa comunitaria, europea e internacional na materia, coa finalidade de que as definicións non queden ancladas e se vexan superadas pola evolución dos conceptos relativos á tutela sobre igualdade dos sexos."*

Entre outros, respecto dun artigo semellante, cabe preguntarse: que é a interpretación evolutiva?

Así mesmo, sinalar que no Código Civil, dentro do Título preliminar, que leva por título *"Das normas xurídicas, a súa aplicación e eficacia"*, concretamente no seu capítulo II, relativo á *"Aplicación das normas xurídicas"*, nos seus artigos 3 e 4, di se:

“Artigo 3.

1. As normas interpretaranse segundo o sentido propio das súas palabras, en relación co contexto, os antecedentes históricos e lexislativos, e a realidade social do tempo en que han de ser aplicadas, atendendo fundamentalmente ao espírito e finalidade daquelas.

2. A equidade haberá de ponderarse na aplicación das normas, aínda que as resolucións dos Tribunais só poderán descansar de maneira exclusiva nela cando a lei expresamente permítalo.

Artigo 4.

1. Procederá a aplicación analóxica das normas cando estas non contemplen un suposto específico, pero regulen outro semellante entre os que se aprecie identidade de razón.

2. As leis penais, as excepcionais e as de ámbito temporal non se aplicarán a supostos nin en momentos distintos dos comprendidos expresamente nelas.

3. As disposicións deste Código aplicaranse como supletorias nas materias rexidas por outras leis.”.

2. Citas de textos legais

Ver a Resolución do 5 de novembro de 2014, concretamente as directrices 58^a a 72^a.

“k) Citas.

58. Cita curta e decrecente.

59. Economía de cita.

60. Cita dunha serie de artigos.

61. Mención innecesaria do diario oficial.

62. Cita da Constitución e dos estatutos de autonomía.

63. Cita de normas.

64. Primeira cita e citas posteriores.

65. Cita de ordes ministeriais.

66. Cita de normas autonómicas.

67. Cita de normativa comunitaria.

68. *Cita de acordos de órganos colegiados de gobierno.*

69. *Cita de resoluciones administrativas.*

70. *Cita de resoluciones judiciales.*

71. *Cita do diario oficial.*

72. *Citas de órganos administrativos.”.*

A modo ilustrativo ver, entre outros moitos, os seguintes:

- Achegamos en formato Word o texto do proxecto normativo no que, entre outros comentarios, faise referencia a algún exemplo de erros na primeira cita dalgunha norma e, tamén de erros na cita curta destas.
- No proxecto normativo, faise referencia a “*Comisión consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva*” (ver capítulo VI do Título III do proxecto normativo). Ademais do curto do nome, chama a atención que os autores do texto quedaron encantados con este, porque reproducése completo en nada menos que 16 ocasións.

Tampouco é estraño, porque o proxecto normativo está cheo de repeticións de todo tipo, derivado, entre outros factores, dun manexo inadecuado das citas.

Neste caso, non poñemos máis exemplos, porque senón este documento podía aumentar a súa extensión considerablemente.

3. Contido da parte expositiva

Na directriz 14^a da Resolución do 5 de novembro do 2014, ao respecto, dise:

“14. Contido.

A función da parte expositiva é a de describir o contido da disposición, indicando o seu obxecto e finalidade, os seus antecedentes e as competencias e habilitacións en cuxo exercicio se dita, facendo mención á incidencia que poida ter na normativa en vigor, con especial atención aos aspectos novos. Se é preciso, resumirá sucintamente o contido da disposición co fin de lograr unha mellor comprensión do texto, pero non conterá partes do texto do articulado, pois á parte expositiva estalle vedado todo contido normativo, que se debe trasladar necesariamente á parte dispositiva do texto.

Deben evitarse nela as exhortacións, as declaracións didácticas, as frases laudatorias e outras manifestacións análogas.

Non debe confundirse a parte expositiva coa memoria xustificativa que ten que formar parte do expediente de elaboración da norma. A dita memoria debe recoller unha análise máis ampla da regulación normativa proxectada.”.

Neste sentido, a modo de exemplo de “*declaración didáctica*” e tamén de “*partes do texto articulado*”, na exposición de motivos do proxecto, dise:

“(22) Outra novidade é a inclusión como prohibidas da discriminación por asociación e a discriminación por erro. **En canto a discriminación por asociación, é a que sofre unha persoa por razón do sexo, ou por circunstancias asociadas ao sexo, doutra persoa coa que estea relacionada** (Sentencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 17 de julio de 2008, Coleman, C-303/06).

Tamén é posible que unha persoa sexa discriminada por un erro da persoa discriminadora en canto a circunstancias asociadas ao sexo. Por exemplo, o despido dunha muller na crenza de estar embarazada, cando non o esta, é un despido discriminatorio por razón de sexo pois a intención de quen despediu é discriminatoria e o efecto prexudicial producido sobre a muller é unha desigualdade de trato.

...

(24) **Considérase igualmente discriminatorio o trato menos favorable dado a unha persoa, sexa home ou muller, como consecuencia de ter participado como defensora, representante, testemuña ou de calquera outra forma, na presentación ou na tramitación dunha reclamación ou queixa, formal ou informal, ou dunha denuncia, demanda ou recurso, administrativo ou xudicial, destinados a impedir a súa discriminación, ou a doutra persoa, por razón de sexo, baseado no artigo 24 da Directiva 2006/54/CE, e na interpretación que fixo o Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sentenza de 20 de junio de 2019, Hackelbracht, C-408/18).**”.

Como exemplo de “*frase laudatoria ou manifestación análoga*”, pódese indicar o seguinte:

“//

(5) **A Comunidade Autónoma de Galicia**, en desenvolvemento das obrigas impostas no artigo 4 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, **vense comprometendo dende sempre, de xeito exemplar e pioneiro, na defensa da igualdade de xénero.**”.

Existen outros exemplos, tanto na parte expositiva como na dispositiva.

4. Outros exemplos que indican que non se tiveron en conta as directrices contidas na Resolución do 5 de novembro

Por economía de tempo e, coa finalidade de non sufrir máis, remitímonos á lectura da resolución e a aplicación do se contido, así como ao xa manifestado máis arriba (ver 2 últimos parágrafos do apartado 5.1. deste documento).

6. Intromisión das competencias e regulacións de materias propias doutros departamentos

Tal é o caso do capítulo III do Título II do proxecto normativo, relativo ao “*Dereito á saúde en igualdade de mulleres e homes*”.

Neste caso, como noutros supostos do proxecto normativo nos que se fai referencia a ámbitos de competencias doutros departamentos da xunta distintos do da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, recoméndase que se conte coa revisión e asesoramento dos respectivos departamentos.

A modo indicativo/ilustrativo, sinalar que no capítulo III citado contense o seguinte artigo:

“Artigo 43. *Dereito a unha maternidade sen risco*

*As mulleres teñen dereito a unha maternidade sen risco e ao acceso a unha atención obstétrica adecuada. Aos efectos de previr e de evitar **situacións de violencia obstétrica**, respectarase a autonomía da muller e a súa capacidade para tomar decisións informadas sobre a súa saúde sexual e reprodutiva e, a tal efecto, proporcionaráse información adecuada e comprensible en cada etapa do embarazo, parto, puerperio, e no período de lactación natural. Así mesmo requirirase o seu consentimento libre, previo e informado para todos os tratamentos invasivos durante a atención do embarazo, parto e puerperio, e no período de lactación natural, excepto en situacións de risco vital para a nai, feto ou lactante.”.*

Custa entender o “*Dereito a unha maternidade sen risco*”. Calquera proceso que dea lugar á vida dun ser humano implica risco. Neste sentido, na normativa sanitaria están debidamente regulados outros dereitos e garantías no ámbito da saúde, singularmente no ámbito da saúde sexual e reprodutiva, que posibiliten e permitan na medida do posible obter unha prestación sanitaria adecuada en tempo e forma.

Obxectivo que, por desgraza, a día de hoxe non se conseguiu, aínda que tense avanzado moito.

Por outra banda, fálase no dito artigo de “*situacións de violencia obstétrica*”. Respecto diso, indicar que:

Nos primeiros borradores do anteproxecto de lei orgánica que, finalmente, cristalizou na vixente Lei Orgánica 1/2023, do 23 de febreiro, de modificación da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo empregábase o concepto de “*violencia obstétrica*”, que se ben se emprega noutros países, como por exemplo en Francia ou por algún organismo internacional, como e o caso do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller (CEDAW), ou a nivel doutrinal, cómpre sinalar que na Sociedade Española de Xinecoloxía e Obstetricia (SEGO) hiperventilan cando oen falar de “*Violencia Obstétrica*” en relación ao sistema sanitario español.

7. Algún outro exemplo de afán/exceso regulador

No apartado (46) da parte expositiva dise:

“*O capítulo II é o relativo ao **benestar laboral** das mulleres e divídese en 5 seccións compostas de 26 artigos.*”.

Ao respecto, remitímonos a unha resposta que acostumaba a dar un ilustre presidente, que foi, desta Comunidade Autónoma e que xa non está entre nos:

“*No comment*”.

8. Comentarios respecto ao TÍTULO VI “As condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega” – Comisión permanente de selección de persoal

8.1. Comentarios xerais

1. Proposta de integración do contido do Título VI na Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Proponse a súa integración, a través da modificación da Lei 2/2015, do 29 de abril, previa negociación coas diferentes organizacións sindicais. Integración que deberá facerse de modo sistemático, recollendo e integrando algunha outra cuestión relativa a outros aspectos indicados no proxecto normativo que afecten ao emprego público.

8.2. Proposta de creación dunha Comisión Permanente de Selección de Persoal

No dito título, figura o artigo 177, relativo á “*Composición paritaria dos órganos de selección e comisións de valoración.*”.

Dende o SEPGA temos proposto, tanto por escrito dirixido aos responsables da Consellería de Facenda e Administración Pública e, dentro desta aos responsables da Dirección Xeral da Función Pública, como na Mesa Xeral de Funcionarios, ámbito de negociación do que formamos parte, que se abra unha negociación coas diferentes Organizacións sindicais coa finalidade de que, por parte da Administración da Xunta de Galicia se constitúa unha Comisión Permanente de Selección de persoal que xestione a selección dos recursos humanos no ámbito da Xunta de Galicia e dos seus organismos dependentes que, entre outros, de verdadeiro cumprimento aos **dereito constitucional fundamental a “...acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis.”**. Dereito este que pode predicarse respecto de calquera forma de selección ou de provisión de postos de traballo no ámbito da Administración Autonómica.

Exemplos como os do último concurso-oposición rematado para o acceso ao grupo A1, nos que se permitiu superar o primeiro exame con un 2 sobre 10, o do curso selectivo do grupo C2 realizando ao mesmo tempo fora do horario do curso labores polas que non se lle pagaron as retribucións complementarias, ou o atraso nas tomas de posesión de procesos selectivos rematados dende fai moito tempo, desgraciadamente, non invitan a ser optimistas.

9. Comentarios finais sobre este documento

9.1. Este documento non pretende ser un informe xurídico sobre o “*Proxecto de Lei para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes de Galicia*”. Non o pode ser, entre outros, porque non dispoñemos, como xa se indicou no propio documento, dos tempo nin dos recursos humanos necesarios para iso.

9.2. Non se revisou a totalidade do seu contido, porque, como se desprende do indicado no apartado anterior, non nos é materialmente posible nin tampouco é a nosa función. Aínda así, se ben no ámbito de negociación so se nos ofreceu a posibilidade de negociar o contido do Título VI, a referencia a outros aspectos máis xerais e vencellados, entre outros, a técnicas de redacción normativa, obedece sobre todo:

- a) Á necesidade de velar porque, con carácter xeral, se desenvolva un traballo de calidade, evitando cargas innecesarias, facilitando a comprensión e aplicación dos textos normativos, tanto polos seus destinatarios como polos que dunha ou doutra maneira os teñen que aplicar ou controlar que se cumpran.
- b) A que calquera texto normativo, con carácter xeral, ten unha vocación de permanencia no tempo. Por iso, débese poñer o máximo coidado na súa

elaboración. Non se trata de apurar, coa finalidade de permitirlle a calquera partido, ou aos seus representantes, anunciar a bombo e platillo que son os mellores, e máis acérrimos, defensores da igualdade. Iso demóstrase coa práctica diaria e coa aplicación en tempo e forma, entre outros, dos artigos 14 e 139.1. da Constitución Española, nos que, respectivamente, dise:

Artigo 14

“Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.”.

Artigo 139.1.

“1. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigacións en calquera parte do territorio do Estado.”.

É evidente que a referencia a “Os españois” acolle a todas as persoas: españolas e españois, nenas e nenos, mozas e mozos e persoas maiores en xeral.

A utilización da linguaxe correctamente, como se desprende dalgún dos contidos do documento, é moi importante, pero tamén o é que non nos quedemos só niso.

9.3. O seu contido, aínda cuestionando determinados aspectos de forma e fondo en relación ao proxecto normativo, non ten por obxecto criticar ou minusvalorar o traballo de ningunha persoa. Non sabemos que persoa ou persoas redactaron o proxecto normativo.

Por outra banda, somos coñecedores e conscientes do traballo e da dificultade que supón a elaboración de disposicións normativas.

9.4. Busca, na medida do posible, poñer a atención e determinados aspectos coa finalidade de poñer o noso pequeno grao de area e contribuír a súa mellora.

Santiago,

O Comité Executivo do SEPGA